



Concello de Cangas

SERVIZO MUNICIPAL DE PROTECCIÓN CIVIL



RECOMENDACIÓNS FOGUEIRAS DE SAN XOAN 2020

1. As fogueiras non deben superar os 3 metros de alto e estar separadas un mínimo de 25 metros das vivendas, galpóns ou construcións. Deben ter un perímetro de seguridade igual ou superior ó seu diámetro libre de vexetación ou outros elementos que poidan propagar o lume.
2. Non debe existir nas proximidades ningún cable que poida resultar afectado e os organizadores deben ter medios de control e extinción da fogueira proporcionados as súas dimensións.
3. En caso da existencia de vento NON podemos prender a fogueira e, en caso de tela xa prendida, debemos apagala. Non debemos abandonar a fogueira ata a súa total extinción.
4. Non empregar materiais combustibles que ardan con facilidade ou que na súa composición teñan produtos químicos que poidan emitir gases e fume tóxicos que contaminen o aire como madeiras pintadas lacadas ou vernizadas, neumáticos, plásticos, aceites, graxas, colchóns, sofás ou cadeiras. Tampouco se deben tirar o lume botes, sprays ou latas xa que poden estourar.
5. Tampouco empregar produtos acelerantes da combustión como gasolinas, alcohol, disolventes ou similares xa que son incontrolables e poden causar queimaduras.
6. Así mesmo queda prohibido o emprego de madeira de obra tipo palets ou mesmo mobiliario que poida conter cravos, grapas ou/ e materiais sintéticos. Tampouco tirar ó lume materiais lixeiros coma papeis, cartón ou teas que poden elevarse ardendo e propagar ó lume a outros lugares ou mesmo provocar queimaduras.
7. En caso de calquera incidente, poñerse en contacto co Servizo Municipal de Protección Civil no teléfono 986 30 55 30 ou a través do 112.

A celebración das tradicionais fogueiras de San Xoán na noite do 23 de xuño é unha celebración que ten moito arraigo no noso Concello.

Esta celebración adoitase facer sobre todo nos areas do noso Concello o que fai que a concentración de persoas o redor das fogueiras sexa moi alta.

A especial situación que vivimos fai que preservar a saúde das persoas sexa un obxectivo prioritario para as autoridades municipais polo que dende o Concello de Cangas pedimos a colaboración da cidadanía para que estas celebracións se fagan no ámbito privado.

Por todo isto, o Concello de Cangas a adoita as seguintes medidas:

1. Prohibir as fogueiras colectivas e cacharelas en todos os areas do termo municipal.
2. Os/as que desexen facer unha fogueira no ámbito privado, debe facer unha comunicación a través da sede electrónica ou do rexistro xeral do Concello de Cangas mediante unha instancia dirixida a Concellería de Seguridade onde constarán os datos do/a solicitante, domicilio, teléfono de contacto e lugar onde se fará a fogueira antes das 14 horas do día 22 de xuño.
3. Para garantir a seguridade ds fogueiras, o Concello de Canga fai unha serie de recomendacións a través do Servizo de Protección Civil.
4. Os/as organizadores de fogueiras deben cumprir as normas dítadas polas autoridades sanitarias relativas o número de persoas que poden reunirse para este tipo de celebracións.